

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

14307 *Real decreto 1161/2010, do 17 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica.*

O Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, amplía a contribución da participación pública respecto de regulacions anteriores; en particular, recolle e determina a participación dos consellos da auga da demarcación na elaboración de determinados documentos do proceso de planificación hidrolóxica, sendo este, de entre os órganos de goberno, o órgano de participación e planificación, previsto polo artigo 26 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O artigo 35 do texto refundido da Lei de augas encomenda ao consello da auga da demarcación as funcións de fomentar a información, a consulta pública e a participación activa na planificación hidrolóxica nas demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias. O artigo 36 dispón que a composición do consello da auga se estableza mediante real decreto, aprobado polo Consello de Ministros, e sinala os criterios a que se deberá axustar a dita composición. No entanto, a complexidade da articulación competencial en materia de augas non permitiu que se constituían aínda os consellos da auga da demarcación, e é previsible que esta constitución sufra atrasos adicionais por mor da dita complexidade.

Por outra parte, a necesidade de evitar demoras adicionais no proceso de planificación en curso e a superación dos apercibimentos recibidos oficialmente desde a Comisión Europea, aconsellan encontrar unha solución transitoria sen que sufra menoscabo ningún o proceso de participación pública no proceso de planificación hidrolóxica.

Co fin de evitar que o proceso de planificación hidrolóxica iniciado se atrase máis debido á falta da efectiva constitución destes órganos colexiados, en todas ou nalgunha das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, considerouse conveniente que o informe sobre o esquema provisional de temas importantes en materia de xestión das augas, que o artigo 79.6 do Regulamento da planificación hidrolóxica encomenda ao consello da auga da correspondente demarcación, sexa emitido polo consello da auga da bacía, vixente ata a constitución dos consellos da auga da demarcación, no cal están debidamente representados os mesmos sectores que no consello da auga da demarcación excepto a representación municipal e as autoridades competentes en augas costeiras e de transición, polo que se introduce o requisito de que o Comité de Autoridades Competentes dea a súa conformidade ao documento. Naquelas demarcacións hidrográficas en que non exista o consello da auga da bacía, arbítrase tamén a solución de que sexa a xunta de goberno da confederación hidrográfica a que emita o informe. Cabe recordar que estes documentos Esquema de temas importantes tiveron un proceso de participación pública de seis meses no cal todas as partes involucradas emitiron a súa opinión se o consideraron conveniente, polo que agora se trata de que as partes poidan estudar a proposta final do documento e emitir a súa conformidade con el ou formular novas obxeccións para que poida continuar o proceso de planificación hidrolóxica nas demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias. O coñecemento das distintas posturas refórzase ao tomar en consideración e incluír no informe final as opinións recibidas no proceso de consulta pública dos esquemas de temas importantes. A solución proposta, de carácter totalmente excepcional e prevista exclusivamente para superar esta situación, efectúase introducindo unha disposición transitoria no Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

Finalmente, no procedemento de elaboración desta norma foi consultado o Consello Nacional da Auga, no cal están representadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de setembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica.*

Engádeselle unha disposición transitoria única ao Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria única. *Dos consellos da auga da demarcación.*

Se, con ocasión da necesidade de informar sobre o esquema provisional de temas importantes en materia de xestión das augas conforme o previsto no artigo 79.6 do Regulamento da planificación hidrolóxica, non estiveren aínda constituídos os consellos da auga das demarcacións correspondentes, o citado informe será emitido polos actuais consellos da auga da bacía ou, no seu defecto, pola xunta de goberno do organismo de bacía e, ademais, requirirase a conformidade do Comité de Autoridades Competentes. En todo caso, o correspondente informe completárase coas alegacións recibidas no proceso de consulta pública.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA